

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 30 DE ABRIL DE 2015,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproban os estatutos do Consorcio provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba a Axenda Dixital de Galicia 2020.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra de urbanización dos sistemas xerais da 1ª fase da plataforma loxística e industrial Salvaterra de Miño- As Neves (PLISAN), por importe de trece millóns cincocentos trinta e sete mil setecentos cincuenta e nove euros con cincuenta e oito céntimos (13.537.759,58 euros).

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Economía e Industria, a Federación de Librarías de Galicia e a Asociación Galega de Editores para o desenvolvemento da campaña Venres nas librarías, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 euros).



---

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de vacinas de calendario e outras, derivado do Acordo marco do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, por un importe de dez millóns douscentos noventa e nove mil douscentos setenta e un euros con oitenta e catro céntimos (10.299.271,84 euros), e un valor estimado (sen IVE) de catorce millóns oitocentos cincuenta e catro mil setecentos dezanove euros (14.854.719,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo da lavandaría para centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de catorce millóns oitocentos sesenta e tres mil oito euros con trinta e cinco céntimos (14.863.008,35 euros) e un valor estimado de vinte e tres millóns cincocentos corenta e seis mil cincocentos oitenta e dous euros con sesenta e un céntimos (23.546.582,61 euros).

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao contrato de xestión de servizos, por lotes, para o concerto de prazos do primeiro ciclo de educación infantil en escolas de titularidade privada (Exp.:39/2015). Importe do orzamento: un millón novecentos vinte e cinco mil euros (1.925.000,00 euros). Valor estimado: seis millóns trescentos mil euros (6.300.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver un proxecto de investigación conxunto para a determinación e estudo dos patóxenos que xeran pragas e enfermidades agrícolas e forestais, por un importe total de douscentos sesenta e catro mil euros (264.000 euros).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMIA E INDUSTRIA**

- Informe sobre os resultados da participación galega no Programa marco Europeo de I+D+I "Horizonte 2020".

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a actividade do laboratorio de Saúde Pública de Galicia.



---

**O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO E PRACE AO DECRETO QUE APROBA OS ESTATUTOS DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**

- ***Permite unha planificación centralizada e dar unha maior e máis rápida cobertura das emerxencias que poidan xurdir na provincia***
- ***Este único consorcio permite unha maior eficacia nos recursos que se utilicen na prestación do servizo***
- ***Entre os seus fins atópanse a colaboración coas agrupacións de protección civil, prevención e extinción de incendios e de calquera tipo de sinistro ou situación de risco, formación e información en materia de seguridade***

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión semanal de hoxe, o decreto polo que se aproban os estatutos do consorcio provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento, polo que, unha vez que entre en funcionamento, suporá dispoñer na provincia dun único órgano de xestión na prestación do servizo para a atención ás emerxencias.

Na actualidade, a provincia de Ourense conta con consorcios comarcais, participados pola Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense, que funcionan de xeito autónomo como entidades locais independentes, e que son os consorcios do Carballiño- O Ribeiro, A Limia, Valdeorras e Verín. Agora, a creación deste novo consorcio provincial redundará nunha mellor e máis homoxénea prestación do servizo, así como unha maior eficacia na xestión dos recursos.

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, indica na disposición adicional terceira a obriga de impulsar a creación dos consorcios provinciais para a prestación do servizo contra incendios e salvamentos xunto coas deputacións provinciais, como o xeito máis apropiado para que se acaden os obxectivos previstos na lei.

Así, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense consideran que a forma máis eficaz e eficiente de xestionar os distintos parques comarcais é a través dun único consorcio, considerando esta fórmula como a organización idónea para facilitar a integración tanto dos actuais consorcios comarcais de Valdeorras, Verín, A Limia e O Carballiño- O Ribeiro xa existentes, como daqueles outros que se puidesen integrar, constituír ou equipar ao abeiro destes estatutos, polo que os catro consorcios comarcais que conta ata o de agora a provincia de Ourense serán disoltos para a súa integración no consorcio provincial, fornecendo cada consorcio os medios técnicos e os recursos con que contan.

Entre os fins do consorcio está a colaboración cos servizos municipais de protección civil dos concellos para o salvamento de persoas e bens; a prevención e extinción de incendios; a prevención e actuación ante calquera tipo de sinistro ou situación de risco, e o



---

asesoramento e asistencia, formación e información en materia de seguridade, que afecten persoas, edificacións e instalacións, así como o fomento da autoprotección.

O novo consorcio provincial contará con patrimonio propio e desenvolverá a súa actividade conforme un orzamento independente, e o seu financiamento distribuirase entre a Xunta e Deputación Provincial de Ourense, onde terá a súa sede.



---

**A AXENDA DIXITAL DE GALICIA 2020 MOBILIZARÁ MÁIS DE 1.550 MILLÓNS DE EUROS PARA ARTICULAR E CONSOLIDAR UN MODELO DE CRECEMENTO VINCULADO Á ECONOMÍA DIXITAL**

- ***A través de 5 liñas estratéxicas define 20 desafíos para situar Galicia nos niveis das rexións europeas máis avanzadas no eido dixital***
- ***Promove unha Administración dixital innovadora que responda e que se adiante ás expectativas da sociedade, aproveitando as novas oportunidades que brinda a tecnoloxía (Big Data, mobilidade, interoperabilidade...)***
- ***Establece medidas para consolidar o modelo educativo na contorna dixital, favorecer servizos dixitais avanzados no eido do benestar e sanidade e facilitar habilidades dixitais a toda a cidadanía***
- ***Impulsará a dixitalización empresarial en sectores estratéxicos para avanzar cara a unha nova situación económica, con máis emprego, industria, calidade, talento e innovación***
- ***Apoiará a colaboración e a cooperación entre a iniciativa pública e privada para conformar un ecosistema dixital galego forte capaz de xerar solucións de gran valor engadido***
- ***Para facilitar a articulación dixital do territorio fixa como obxectivo que todos os galegos conten con cobertura de banda larga ultrarrápida de, cando menos, 30 Mbps en 2020***

A Axenda Dixital de Galicia 2020 mobilizará máis de 1.550 millóns de euros no período 2015-2020 para impulsar un modelo de crecemento baseado na economía dixital, que contribúa a dar resposta a desafíos aos que se enfrenta Galicia en todas as áreas de desenvolvemento. A execución da nova estratexia tecnolóxica de Galicia, aprobada hoxe no Consello da Xunta, constitúe o maior investimento en materia TIC da Comunidade, cun orzamento medio de 258 millóns de euros anuais.

A nova estratexia tecnolóxica galega contou para a súa elaboración coa participación de representantes das principais empresas da Comunidade, do sector TIC, das institucións públicas e da sociedade civil.

Tomando como base os logros acadados nos cinco anos de actuación da primeira Axenda Dixital de Galicia 2014.gal a nova estratexia establece 20 desafíos articulados arredor de cinco liñas estratéxicas: a valorización da Administración, a énfase na vida dixital, a aceleración da economía dixital, o estímulo ao crecemento do sector TIC e a articulación dixital do territorio. Estes cinco eixos constitúen a verea que vertebra a Axenda Dixital de Galicia 2020.

### **Valorización da Administración**

Neste eixo fórmulanse cinco desafíos para avanzar cara a unha Administración dixital innovadora que se adianta ás necesidades e expectativas de cidadáns e empresas.



Para conseguilo, a Xunta puxo xa en marcha o Plan de Administración e Goberno dixitais 2020, que establece as medias para dar o salto da Administración electrónica á Administración dixital, que ofrecerá máis e mellores servizos dixitais, sinxelos eficientes e personalizados, adoptando un modelo de atención integral e multicanle.

Avanzar cara ao Goberno aberto, impulsando unha nova relación bidireccional e transparente que faga partícipe a sociedade na definición e execución das solucións que precisa e políticas de compartición e reutilización da información.

A estratexia prevé tamén a implantación de solucións de Big Data para transformar o datos xerados pola Administración en coñecemento útil, que facilite a toma de decisións e permita adiantarse ás necesidades da sociedade.

Consolidar a interoperabilidade como o novo paradigma de relación entre as administracións. A Xunta xa se constituíu en nodo de interoperabilidade entre as administracións galegas e o Estado e avanzará nesta liña con novas medidas.

Para incrementar a inmediatez e a capacidade de resposta do Goberno galego, impulsaranse os servizos en mobilidade tanto entre administracións como para empregados públicos e cidadáns.

Con respecto ao eido xudicial, unha vez melloradas as infraestruturas, os medios e o equipamento TIC, agora avanza na consolidación e implantación da sede electrónica e do expediente xudicial.

### **Énfase na vida dixital**

Neste eixo a Axenda busca dar resposta a catro desafíos orientados a consolidar a adaptación do modelo educativo na contorna dixital, favorecer servizos dixitais avanzados nos ámbitos dos servizos sociais e sanidade e asegurar a inclusión dixital da cidadanía.

No eido educativo darase continuidade á estratexia para a integración plena das TIC co Proxecto Abalar, estendendo o libro dixital ata os 27.000 alumnos en 2017 e potenciando o papel dos docentes na creación de contidos.

En benestar e sanidade aplicaranse as TIC para o deseño de servizos intelixentes e integrais adaptados ás necesidades específicas dos diferentes colectivos e fomentando o autocoidado preventivo no fogar.

O último desafío deste eixo é acadar a autonomía dixital da sociedade para evitar a denominada “segunda fenda dixital”. Redefínese a estratexia de inclusión dixital para pasar da alfabetización á madurez dixital, posibilitando que calquera persoa acceda a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC.





### **Aceleración da economía dixital**

A dixitalización empresarial en sectores estratéxicos de Galicia como o sector primario, o turístico, o cultural e o do transporte, así a implantación de solucións dixitais innovadoras no tecido empresarial suman outros cinco desafíos da Axenda.

O Plan Smart Turismo 2014-2020 iniciou o camiño para facer de Galicia un destino turístico intelixente, no cal se seguirá avanzando para promover a prestación de servizos personalizados aos visitantes, potenciando o Camiño de Santiago cunha liña específica, SmartCamiño.

Promoverase a conservación do patrimonio cultural de Galicia aplicando as novas tecnoloxías, facilitando así o seu acceso e difusión. Un dos activos principais é a creación, xa en marcha, do Arquivo Histórico Documental, dentro do Arquivo Dixital de Galicia, que albergará os fondos dixitalizados do patrimonio documental.

A Axenda afronta o desafío de aumentar a competitividade do sector primario a través de solucións intelixentes que incrementen a eficiencia nos procesos de produción, optimicen a distribución e reforen a xestión comercial dos produtos procedentes deste ámbito.

No eido do transporte o reto das TIC será responder de forma proactiva ás necesidades dos viaxeiros, desenvolvendo novos servizos intelixentes, integrais e personalizados.

Respecto ao tecido empresarial, o desafío é dar o paso cara á empresa 4.0, poñendo ao alcance das pemes tecnoloxías accesibles, vinculadas aos seu negocio. Esta aposta materializarse a través da Axenda da Competitivade de Galicia, que prevé medidas específicas para impulsar a Industria 4.0 con fábricas intelixentes, automatizadas, flexibles, interconectadas e sociais así como o impulso da hibridación sectorial, a interconexión dos distintos sectores co sector TIC para abrir novas vías que melloren a competitividade.

### **Estímulo ao crecemento do sector TIC**

Impulsar a consolidación do ecosistema dixital e o talento dos profesionais TIC son os dous desafíos da Axenda Dixital 2020 en canto ao sector tecnolóxico.

Avanzarase na consolidación dun hipersector tecnolóxico galego competitivo e innovador que xere redes de valor co resto dos axentes, empresas tractoras e sectores económicos que conformen un ecosistema dixital galego activo.

Ademais, impulsaranse as vocacións tecnolóxicas e novos perfís dixitais que satisfagan as necesidades do mercado TIC a medio e longo prazo, reforzando e adecuando a capacitación dos profesionais TIC á continua evolución tecnolóxica.

### **Articulación dixital do territorio**



---

Neste ámbito a Axenda asume tres desafíos. Por unha banda, reforzar a seguridade cidadá aplicando as TIC para facilitar a prevención de riscos, catástrofes ou emerxencias. A nova Rede dixital de emerxencias, que entrará en funcionamento este ano, é unha das ferramentas que permitirá incrementar a capacidade de resposta ante situacións de risco.

O despregamento de redes ultrarrápidas é outro dos desafíos deste eido. O obxectivo de universalizar a cobertura de 30 Mbps en Galicia materializarse nun plan que se presentará a finais deste ano. Pero o reto abrangue, ademais, incrementar a adopción e uso destas redes por parte de cidadáns e empresas.

Reforzar a confianza dixital será chave para que a sociedade aproveite todas as vantaxes dunha contorna dixital. Para conseguilo traballárase para lograr unha maior garantía na seguridade dos servizos da Administración, que se concretará no Plan director de seguridade da información do sector público 2015-2017.





**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DOS SISTEMAS XERAIS DA PLATAFORMA LOXÍSTICA DE SALVATERRA-AS NEVES, A PLISAN, POR MÁIS DE 13,5 MILLÓNS DE EUROS**

- *Este acordo permitirá iniciar neste ano os traballos de construción da vía principal e instalación da iluminación e das conducións necesarias para o abastecemento, saneamento, telecomunicacións e subministración de gas*
- *Paralelamente, avánzase na tramitación ambiental para licitar as obras de construción da depuradora de augas residuais e da estación de tratamento de auga potable*
- *Estas dúas actuacións, cun investimento total de máis de 20 millóns de euros, farán posible a instalación das primeiras empresas a finais de 2016*
- *A recente autorización das obras de remodelación do enlace Puzo- Lira por parte do Ministerio de Fomento garante a plena conectividade da PLISAN coa autovía das Rías Baixas (A-52) a través da autovía AG-51 xa executada pola Xunta*
- *A actuación será financiada polas tres administracións promotoras: a Autoridade Portuaria de Vigo, a Zona Franca e o Instituto Galego da Vivenda e Solo*
- *As obras serán licitadas na vindeira semana, cun prazo de presentación de ofertas de 52 días e un período de execución de 18 meses*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación das obras dos sistemas xerais da plataforma loxística de Salvaterra- As Neves, a PLISAN, por importe de máis de 13,5 millóns de euros. A licitación da obra publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a vindeira semana, abríndose un prazo de cincuenta e dous días para a presentación de ofertas por parte das empresas interesadas.

A decisión do Consello da Xunta fará posible iniciar este mesmo ano as obras dos sistemas xerais, que comprenden a construción da vía principal, da iluminación e das conducións necesarias para o abastecemento, saneamento, telecomunicacións e subministración de gas para dar servizo ás empresas que se instalen nas parcelas desta primeira fase, composta por unha superficie de 70 hectáreas.

Paralelamente, estase a avanzar no trámite ambiental que permitirá licitar as obras de construción da depuradora de augas residuais e da estación de tratamento de auga potable, para garantir o necesario sistema de abastecemento e saneamento ás empresas que desenvolvan a súa actividade na PLISAN.

En total, ambas as actuacións representan un investimento de máis de 20 millóns de euros que farán posible a instalación das primeiras empresas nesta plataforma loxística a finais de 2016.

O desbloqueo do proxecto da plataforma loxística de Salvaterra- As Neves é posible grazas á reposición do réxime de condominio entre as tres entidades promotoras, a Xunta de



Galicia, a Autoridade Portuaria de Vigo e a Zona Franca de Vigo, que formalizaron o convenio no pasado mes de marzo.

Será o Instituto Galego de Vivenda e Solo quen licite a execución das obras en cumprimento do disposto no acordo adoptado no pasado oito de abril, pola comisión de seguimento da PLISAN, na cal están integrados os tres organismos que interveñen no proxecto.

A licitación aprobada hoxe ten un orzamento de 13.537.759,58 euros, IVE incluído, e establece un prazo de execución das obras de dezaioito meses. O acordo da comisión de seguimento establece que a Autoridade Portuaria de Vigo será a entidade encargada dos traballos facultativos de implantación, dirección, inspección e liquidación da obra, así como da vixilancia e coordinación de seguridade e saúde desta. O financiamento das obras licitadas corresponderá aos tres organismos que interveñen no proxecto, coas seguintes porcentaxes: Autoridade Portuaria de Vigo: 60,580 %.; Consorcio da Zona Franca de Vigo: 21,125 % e Instituto Galego da Vivenda e Solo: 18,295 %.

Así mesmo, a recente autorización polo Ministerio de Fomento da remodelación do enlace de Puzo-Lira garante a plena conectividade da PLISAN coa autovía das Rías Baixas (A-52) a través da autovía AG-51 xa executada pola Xunta.



---

## **A XUNTA IMPULSA A DINAMIZACIÓN DO LIBRO E DA LECTURA CUNHA NOVA EDICIÓN DO PROGRAMA VENRES NAS LIBRARÍAS**

- ***A iniciativa, na cal colaboran as consellerías de Cultura e Educación e Economía e Industria, a Federación de Librarías de Galicia e a Asociación Galega de Editores, desenvolverase en librarías de toda Galicia durante as fins de semana de outubro e novembro de 2015 e de febreiro e marzo de 2016***
- ***A través de presentacións, encontros con escritores e outras actividades, trátase de promover o libro galego, incrementar o hábito lector e reforzar o papel das librarías na consolidación do tecido cultural***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria –a través da Secretaría Xeral de Cultura–, así como a de Economía e Industria –mediante a Dirección Xeral de Comercio–, a Federación de Librarías de Galicia e a Asociación Galega de Editores (AGE) colaborarán un ano máis para poñer en marcha o programa de dinamización do libro e da lectura Venres nas librarías.

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e prace ao proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración a través do cal se desenvolverá a segunda edición desta iniciativa, que achegará as novidades editoriais ao público durante as fins de semana dos meses de outubro e de novembro de 2015, e durante as de febreiro e marzo de 2016. Con este obxectivo, a Consellería de Cultura e Educación destinará un total de 12.000 euros na nova programación.

Trátase de favorecer espazos de encontro entre lectores e lectoras con autores e autoras da Comunidade que publicasen algunha obra ao longo do último ano, co obxectivo de promover o libro galego e incrementar o público lector. O espazo común será a librería, para reforzar a súa condición de espazo esencial de promoción do libro, así como de axente cultural indispensable para a consolidación do tecido cultural da sociedade galega. É, en definitiva, o lugar de referencia para o libro galego e desde o cal se pretende agora dar un novo pulo ao sector, así como ao hábito lector.

### **Participación activa do público lector**

Entre as actividades que promove o programa nas diferentes librarías para estimular a participación social do público lector destaca a presentación de novidades editoriais, conversas entre escritores e público, lecturas dramatizadas de obras literarias e lecturas poéticas, entre outras, con propostas que favorezan a participación activa de público de todas as idades.

### **Promoción do libro tamén nas redes**

Para favorecer o coñecemento social desta iniciativa, Venres nas librarías volverá poñer en marcha este ano, a través das redes sociais Facebook e Twitter, O andel do agasallo. Deste xeito, cada semana iniciarase un concurso para, mediante diversas pistas, descubrir



algún libro galego. O lector ou lectora que acerte será agasallado ou agasallada co dito volume.

Por tanto, esta campaña busca promover unha implicación activa por parte do público, á vez que o libro galego –sobre todo o de recente publicación– e os autores e as autoras da Comunidade gañan en visibilidade e, ao mesmo tempo, as librarías atraen máis lectores e lectoras ata os seus andeis.

### **Unha quincena de presentacións**

Igual que en 2014, nesta nova edición do programa poderán participar todas as librarías interesadas e asociadas á Federación de Librarías de Galicia, que será, en último termo, a encargada da selección. Por outro banda, a AGE fará o propio cos autores e autoras que manifesten a súa intención de participaren na campaña.

Baixo a acción coordinada da Xunta, da Federación de Librarías e mais da AGE, implicadas na xestión do libro en Galicia, a primeira edición de Venres nas librarías contou cun balance de participación de catro editoriais, 13 autores e autoras, e 15 presentacións en librerías de distintos puntos de Galicia que solicitaron a adhesión ao programa.



---

**A CONSELLERÍA DE SANIDADE INVISTE MÁIS DE 10 MILLÓNS DE EUROS NA COMPRA VACINAS PARA O PROGRAMA GALEGO**

- ***A través del acadarase un aforro estimado de máis de 600.000 euros***

O Consello da Xunta acaba de autorizar o expediente de gasto para a subministración á Consellería de Sanidade de vacinas por un importe de 10.299.271 euros, derivado do Acordo marco do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Este contrato comprende a compra de 15 tipos de vacinas para utilizar no Programa galego de vacinacións, tanto no calendario infantil sistemático como na vacinación destinada a determinados colectivos de risco, para os vindeiros dou anos. A través del acadarase un aforro estimado de máis de 600.000 euros con respecto ao anterior acordo marco.

Deste xeito asegúrase a continuidade do Programa galego de vacinacións, que ten feito desaparecer practicamente moitas das enfermidades típicas da infancia como o sarampelo, a poliomielite, a difteria, así como a niveis case inexistentes o tétano, a hepatite B e moitos tipos de meninxite. Este programa constitúe uns dos grandes avances da saúde pública no século pasado que estamos a impulsar e mellorar neste, coa posible introdución de novos antíxenos.



---

**SANIDADE RENOVA A SÚA APOSTA POLA CONTRATACIÓN CENTRALIZADA E ESTÉNDEA AO SERVIZO DE LAVANDARÍA PARA OS CENTROS SANITARIOS DO SERGAS REDUCINDO CUSTOS E GARANTINDO UNHA PRESTACIÓN EQUITATIVA**

A Consellería de Sanidade vén de renovar a súa aposta pola contratación centralizada estendendo este sistema ao servizo de lavandaría para os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde, garantindo unha prestación equitativa a todos os usuarios e reducindo custos ao facerse nun único contrato.

Deste xeito, o Consello da Xunta autorizou hoxe o expediente de gasto relativo á contratación deste servizo para os centros sanitarios que non contan con servizo de lavandaría propio, por un importe de 14.863.008 euros (3,7 millóns ao ano) e unha duración de 48 meses.

A contratación do servizo ten por obxecto o lavado, a desinfección, o secado, a selección, o encartamento, a pasada do ferro e o empacamento da roupa de cama e aseo, dos uniformes do persoal e da roupa dos pacientes.

Trátase dun servizo complementario e imprescindible para a prestación dunha adecuada atención sanitaria. As condicións mínimas de prestación do servizo baséanse na *Guía dos procedementos para o control hixiénico-sanitario das lavandarías do medio hospitalario* editada polo Servizo Galego de Saúde e cuxa aplicación é común para a hixienización de toda a roupa que se lava no medio hospitalario.

A licitación garante a concorrencia das empresas, ao dividirse en cinco lotes baseados na distribución xeográfica e na configuración organizativa dos centros sanitarios para os cales se contrata o servizo.





---

**A XUNTA DESTINARÁ 6,5 MILLÓNS DE EUROS AO FINANCIAMENTO DE 500  
PRAZAS SOSTIDAS CON FONDOS PÚBLICOS EN ESCOLAS DE 0-3 ANOS ATA 2018**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria dun concurso público para concertar prazas de 0-3 anos desde o próximo curso, unha iniciativa pioneira do Goberno galego que ten como obxectivo reforzar e complementar a aposta da Xunta pola conciliación da vida familiar e laboral***
- ***O concurso centrarase nunha primeira fase nas sete grandes cidades e as súas áreas metropolitanas, as zonas con maior demanda***
- ***Paralelamente a esta actuación, a Xunta seguirá coa planificación de construción e posta en marcha de novas escolas da Galiña Azul, unha rede que nestes momentos conta con 14 equipamentos en construción***
- ***Esta medida súmase a outras modalidades doutros recursos de educación infantil financiados pola Xunta (escolas propias, municipais, de iniciativa social e o cheque infantil) que na actualidade suman 20.400 prazas de 0-3 anos***
- ***Esta actuación enmárcase na aposta da Administración pola dinamización demográfica***

A Xunta porá á disposición das familias galegas 500 novas prazas públicas de 0-3 anos no próximo curso escolar 2015-16, que estarán financiadas con fondos da Administración autonómica a través do sistema de concerto. Para levar a cabo esta medida, o Goberno galego convocará por primeira vez un concurso público ao cal destinará 6,5 millóns de euros, que permitirán prorrogar este convenio ata 2018. Para o primeiro curso prevese unha contía de 1,9 millóns de euros.

Nunha primeira fase, centrarase nas áreas de Galicia cunha maior demanda de escolas infantís públicas, as sete grandes cidades e as súas áreas metropolitanas. Estas novas prazas sumaranse ás de titularidade pública da Xunta, que forman parte da rede A Galiña Azul, e ao resto de modalidades financiadas pola Administración autonómica.

Esta actuación busca fundamentalmente reforzar e complementar a aposta do Goberno galego pola conciliación da vida familiar e laboral das familias galegas, ao tempo que contribúe a que os equipamentos e instalacións en funcionamento de Galicia incrementen a súa ocupación e poidan manter os seus postos de traballo.

Paralelamente a esta actuación, o Goberno galego ten incrementado nun 70% as prazas nos últimos cinco anos, con 3.800 novas no curso 2014/15 en escolas infantís da rede A Galiña Azul e ata as 9.300, e seguirá a crear novas prazas públicas de 0-3 anos. Proba disto é que na actualidade están en marcha 14 novas escolas en distintas fases de construción, que se sumarán ás 159 xa existentes.

Por primeira vez, alcanzouse en Galicia a ratio de 33 prazas públicas por cada 100 nenos en idade de acceso a unha escola infantil, que recomenda a Unión Europea e a oferta total



de prazas sostidas con fondos públicos de 0-3 anos suman máis de 20.400 (escolas da Xunta, municipais, de iniciativa social e cheque infantil).

### **Impulso á demografía**

Esta actuación enmárcase dentro da aposta da Xunta pola dinamización demográfica. Así, este ano aumentouse a dedución fiscal ata os 1.200 euros anuais no caso do segundo fillo e ata os 2.400 no caso do terceiro ou sucesivo. Este incremento farase extensivo ás familias galegas que non teñen obriga de presentar a declaración da renda e que tampouco a presenten voluntariamente, xa que percibirán unha contía equivalente á dedución fiscal. Deste xeito, Galicia situarase á cabeza de todas as autonomías en beneficios fiscais en materia de natalidade.

Cómpre salientar a futura posta en marcha nos próximos meses do Observatorio galego de dinamización demográfica, cuxo obxectivo é converterse nun centro de referencia a nivel rexional e pioneiro a nivel estatal. Tamén se incluíu, de forma pioneira, un módulo transversal optativo nos cursos de formación para o emprego en materia de sensibilización demográfica.

Ademais, a Xunta está poñendo en marcha mecanismos para favorecer a conciliación do persoal da Administración autonómica, como a flexibilidade horaria ou o teletraballo, aos que xa se acolleron máis de 7.000 empregados públicos.

Así mesmo, xa foi a Consello o informe da nova carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, que permitirá ampliar e diversificar os servizos destinados ás familias. Prevese que se aprobe no verán deste ano.



---

## **A XUNTA RENOVA O CONVENIO COA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DO AREIRO PARA PREVER E LOITAR CONTRA AS PRAGAS DOS VEXETAIS E ESPECIES FORESTAIS**

- ***O convenio céntrase na identificación dos axentes patóxenos que causan enfermidades nos vexetais e especies forestais para logo proceder á súa determinación e clasificación***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural e do Mar para renovar o convenio de colaboración coa Estación Fitopatolóxica do Areiro -dependente da Deputación de Pontevedra- en materia de prevención e loita contra as pragas dos vexetais e as especies forestais da nosa comunidade.

A sanidade vexetal é unha prioridade do Goberno galego e, por tanto, ante a aparición de novas enfermidades para os vexetais que poñen en perigo cultivos tan importantes para o campo galego como a viña, a pataca ou os forestais, establece a colaboración cun dos centros máis prestixiosos no estudo de pragas vexetais para que, mediante unha estratexia conxunta de actuación, se atopen métodos de loita contra estas pragas.

O convenio céntrase na identificación dos axentes patóxenos que causan enfermidades nos vexetais e especies forestais para logo proceder á súa determinación e clasificación. A partir de aí, procederá ao desenvolvemento de proxectos de investigación conxunta – entre Consellería e Areiro- para un mellor coñecemento do comportamento dos patóxenos nas condicións existentes na nosa comunidade.

O obxectivo principal é mellorar o seguimento das pragas para unha rápida detección e erradicación, xa que é unha obriga directa das comunidades autónomas. A sanidade vexetal é unha prioridade da consellería para que os agricultores galegos teñan á súa disposición métodos eficaces de loita contra as pragas e así dispor de explotacións sas e rendibles.

### **Colaboración técnica da Consellería**

Para este propósito, o departamento que dirixe Rosa Quintana aporta os técnicos do *Servizo de Sanidade e Produción Vexetal* e persoal provincial. Serán os encargados de realizar o traballo de campo, levando a cabo a identificación de posibles cultivos infectados, establecemento de plans de acción e a realización de actas de inspección e toma de mostras para o seu posterior envío ao laboratorio.

Pola súa parte, a Estación Fitopatolóxica do Areiro determinará e clasificará estas especies patóxenas realizando ensaios experimentais a fin de deseñar novos procedementos de loita contra pragas e enfermidades e adaptados ás condicións galegas.



---

## **GALICIA MULTIPLICA POR TRES A CAPTACIÓN DE FONDOS EUROPEOS DE INNOVACIÓN DO HORIZONTE 2020**

- **Os axentes do Sistema galego de innovación obtiveron case 15 millóns de euros no 2014, primeiro ano do Horizonte 2020, fronte aos 4,7 millóns do 2007**
- **O incremento experimentado por Galicia é seis veces superior ao do conxunto estatal**
- **As universidades e os centros tecnolóxicos e de investigación conseguiron as dúas terceiras partes destes fondos, mentres que as empresas multiplicaron por catro a súa capacidade de captación de financiamento, un indicador da súa excelencia e competitividade a nivel europeo**
- **O traballo desempeñado polo Goberno galego no marco da Estratexia de especialización intelixente – RIS3 contribuíu de xeito importante á consecución destas cifras**

O Goberno galego ten na innovación un dos piares de crecemento e mellora competitiva do tecido produtivo galego, motivo polo que está a desenvolver diferentes actuacións, prestando especial atención á captación de fondos europeos, cuxos retornos permiten multiplicar os investimentos iniciais, ampliando as oportunidades de Galicia de xerar crecemento a partir da innovación. Neste contexto, o Consello da Xunta coñeceu hoxe os resultados dos fondos europeos de innovación acadados en 2014, primeiro ano do Horizonte 2020, no cal Galicia multiplicou por tres a captación destes fondos.

Así, neste primeiro exercicio do Programa marco europeo, os centros tecnolóxicos e de investigación e as empresas galegas captaron un total de 14,7 millóns en 33 proxectos, o que multiplica por máis de tres os 4,7 millóns logrados durante 2007, ano inicial do anterior programa, demostrando deste xeito a boa saúde do Sistema galego de innovación.

O traballo desempeñado polo Goberno galego ten contribuído de xeito importante á consecución destas cifras. Neste sentido, a capacidade de captación galega benefíciase das medidas deseñadas no marco da Estratexia de especialización de Galicia (RIS3) para que os axentes do Sistema de innovación teñan un mellor acceso aos fondos europeos.

Con esta estratexia, a Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, está a impulsar distintas medidas de estímulo que van desde actuacións de información, formación, asesoramento personalizado e apoio na presentación de propostas ata a convocatoria de programas específicos como os bonos de innovación, cos cales se están a homologar axentes intermedios financiando a súa contratación por parte das empresas para preparar proxectos de I+D+i capaces de captar financiamento.

### **Líderes en catro de cada dez proxectos**

O informe presentado hoxe no Consello da Xunta reflicte tamén, en relación ao primeiro ano do 7º Programa marco, que o número de proxectos galegos aprobados nas



convocatorias da UE se incrementou nun 40%, duplicándose o retorno medio por iniciativa. Ademais, a nivel cualitativo, Galicia multiplicou por catro o número de proxectos en que exerce como líder, ata liderar catro de cada dez iniciativas en que participan entidades galegas.

Así mesmo, no contexto estatal, Galicia logrou un crecemento moi destacado na comparación entre os mesmos exercicios, experimentando un incremento en relación ao 2007 seis veces superior ao do conxunto nacional. Deste xeito, mentres España conseguiu aumentar un 35% a contía dos fondos captados, a comunidade superou o 200% de incremento.

Estes datos son un indicador fiable da competitividade e da excelencia investigadora dos centros galegos, xa que son as tres universidades, os centros tecnolóxicos e o Sergas as entidades que lograron captar máis fondos: un total de 10 millóns de euros, o que supón as dúas terceiras partes do total. Polo que se refire ás empresas, lograron cuadruplicar os fondos conseguidos en 2007, o maior incremento entre os axentes do Sistema galego de innovación.

### **Traxectoria ascendente ata os 120 millóns**

O Horizonte 2020 céntrase en tres prioridades: xerar ciencia excelente e competitiva; fomentar o liderado industrial para apoiar as empresas, incluídas especificamente as pemes e afrontar os retos da sociedade. A aposta da UE para acadar estes obxectivos supera os 77.000 millóns de euros, o que supón unha oportunidade ineludible para as empresas e entidades de Galicia.

A Xunta marcou como obxectivo traer un total de 120 millóns de euros procedentes do Horizonte 2020. Neste sentido, durante os vindeiros exercicios iranse activando cada vez máis convocatorias de axudas, o que permitirá incrementar a contía dos retornos como xa ocorreu cos programas anteriores.

Cómpre salientar que o Horizonte 2020 reserva 1.150 millóns á activación da fábrica intelixente, un dos obxectivos da Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0 que está a desenvolver a Xunta. Na convocatoria de 2014, dous proxectos galegos obtiveron financiamento neste campo. Unha destas iniciativas está liderada polo CTAG centrándose no impulso das novas tecnoloxías para a fabricación de pezas de composite, e participan compañías como Ford, Airbus ou Grupo Antolín. Aimen encabeza o outro proxecto para a fabricación por láser a través de técnicas de análise de imaxe. Entre os socios de Aimen neste proxecto atópanse Fiat ou Fraunhofer.

Así mesmo, no Horizonte 2020 seguirán a ter un peso fundamental as pemes galegas co obxectivo de incrementar a súa competitividade, contando por primeira vez con convocatorias de axudas específicas, tendo en conta que máis do 70% das empresas participantes en proxectos europeos logran mellorar o seu posicionamento internacional, á vez que máis do 40% incrementan a súa facturación e o seu cadro de persoal.





—

Como caso de éxito, a empresa máis nova de Europa en recibir financiamento do instrumento específico para pemes do Horizonte 2020 é galega, o que demostra a efectividade de apostar por estratexias de posta en valor do coñecemento no mercado. Trátase da *spin-off* Torus, compañía creada na Facultade de Informática da Universidade da Coruña, e procura solucións de software de comunicacións ultrarrápido para os ámbitos das finanzas, as telecomunicacións e a enerxía. Ademais, tamén conseguiron financiamento grazas a este instrumento as compañías galegas Hidronav Technologies, Nanoimmunotech e Bridge Mediatech.





---

**O LABORATORIO CENTRAL DE SAÚDE PÚBLICA DE GALICIA REALIZOU EN 2014 MÁIS DE 16.000 ANÁLISES DE MOSTRAS E 149.000 ENSAIOS**

- ***O novo modelo organizativo, antes integrado por catro laboratorios, permitiu incrementar o número de parámetros analizados e gañar en precisión, mellorando o alcance e capacidade do sistema de control oficial de saúde pública***
- ***O laboratorio ocúpase do control microbiolóxico e químico de produtos alimenticios e do control das augas de consumo e praias***

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe acaba de abordar un informe da Consellería de Sanidade referido ao primeiro ano de funcionamento do Laboratorio Central de Saúde Pública de Galicia, que recolle que a integración dos catro laboratorios existentes nunha única unidade en Lugo, posibilitou non só manter o nivel de actividade en apoio aos programas de control oficial de saúde pública, senón tamén incrementar os parámetros analizados, con 16.168 mostras e 149.214 ensaios. O novo modelo organizativo permitiu, así mesmo, gañar en precisión e sensibilidade, mellorando o alcance e capacidade do sistema de control oficial de saúde pública.

No seu primeiro ano de funcionamento, o Laboratorio Central de Saúde Pública analizou 16.168 mostras, o que supón o 98,7% das recibidas. Aínda mantendo o nivel de actividade, no ano 2014 constátase unha diminución importante no número de mostras rexeitadas, pasando dunha media de mostras aceptadas do 95% a este 98,7%.

Do total das 16.318 mostras recibidas, 5.148 pertencen ao programa de praias; 3.121 a seguridade alimentaria, Plan nacional de investigación en residuos animais e carnes frescas (PNIR); 2.599 a abastecementos; 193 ao programa de lexionela e 5.257 a outro tipo de parámetros.

O laboratorio tamén incrementou o número de ensaios realizados, 149.214 o ano pasado, fronte aos 120.748 de 2013, aumento que vén dado polo crecemento no número de ensaios da área físico-química gracias á mellora tecnolóxica: 99.135 en 2013 e 125.368 en 2014.

No aumento significativo do número de parámetros analizados na área físico-química no 2014 están as mostras e parámetros analizados especificamente no marco do programa LIFE-PLUS, proxecto con fondos europeos co Concello de Abegondo e Augas de Galicia, con determinacións de 54 parámetros físico-químicos de 174 mostras de augas de consumo humano (praguicidas, hidrocarburos e metais pesados) e o incremento nas determinacións de toxinas (microcistinas) e os parámetros que se analizarán na auga de abastecementos públicos.



Isto permite abarcar a investigación de máis tipos de microcistinas, a medida que existen patróns dispoñibles, e verificar que non existen graves problemas derivados da existencia de determinados materiais nas redes de auga de consumo público (chumbo, ferro).

O tipo de acreditación que ten o Laboratorio Central de Saúde Pública de Galicia, acreditación por alcance flexible, permite ampliar o número de contaminantes e residuos de determinadas substancias analizables e que poden supoñer un problema para a saúde, como é o caso dos residuos de praguicidas, sen necesidade de esperar a pasar unha nova auditoría da ENAC. Isto permitiu que, a pesar do importante incremento no número de parámetros analizables, se mantivese o nivel de ensaios acreditados ao redor do 70% sobre o total deles.

A integración nun único laboratorio tamén posibilitou a redución dos tempos de resposta no control de alimentos, así como no control de determinados riscos de orixe ambiental. Esta redución é de enorme importancia no caso de aparición de abrochos, xa que canto antes se teña información sobre o axente causante, antes se limita o alcance do problema.

### **Funcións**

O Laboratorio de Saúde Pública de Galicia ocúpase da análise microbiolóxica e físico-química dunha ampla gama de produtos alimenticios (leites, carnes, peixes, alimentos infantís etc.), así como das mostras de augas de consumo, de praias e de instalacións con risco de propagar a lexielose.

Outras análises que leva a cabo o Laboratorio son os de aditivos, xa que o seu bo uso garante tanto a boa subministración como a calidade dos alimentos que consumimos, polo que resulta fundamental vixiar tanto os aditivos que se utilizan como as cantidades permitidas.

Tamén se efectúa a análise de parasitos en augas e alimentos, e o de alérxenos, xa que cada día son máis frecuentes os casos de intolerancias e alerxias alimentarias, posto que a garantía fundamental para os que sofren estes problemas está na etiquetaxe dos produtos.

### **Investimento**

A Consellería de Sanidade leva investidos 1.960.563,59 euros de subvención da Unión Europea dentro do proxecto de Feder- Galicia 2007-2013 para a posta en marcha deste laboratorio central. Este ano investiranse 543.249,91 euros en novo equipamento para ampliación e posta a punto de novas técnicas e algunhas obras de mantemento para o centro.

